


cantas somos invisibles aquí?

ánxela blanco - bailarina, creadora e intérprete



Queridas Caterina e Sabela, veño de falar con Cris. Compártovos impresións.

Ambas recoñecemos a dificultade de tecer un texto con formato de diálogo, neste caso non sucedeu do xeito “esperable”. Pode que fora pola precariedade de tempos, ou pola inherente dificultade de escribir, por rebeldía, ou polo deprimente do tema.

O que aconteceu foi que ante este convite que lanzastes, unha noite eu comecei a anotar preguntas que lle faría a Cristina nun hipotético café. Preguntas que dalgún xeito nos definen como periféricas, e apuntan sobre a nosa relación co mercado. O que comezou así, rematou por ser un texto en si, deixeiño ser. Mandeillo cun convite a xogar partindo del. A ela gustoulle, masticouno, procesou, e a súa resposta a estas preguntas, e máis concretamente a que vós lanzárades, é un relato en primeira persona, explícito. Responde como pode con aquelas preguntas no corpo, do xeito personal que lle caracteriza (mándovos o texto dela en borrador, xa o ten correxido pero non podía enviarmos cando falamos).

A dificultade agora semella ser darlle formato de diálogo máis alá daquel que aconteceu durante o proceso de escrita...Cristina ofrécese a elaborar ou reelaborar nesa dirección. Eu, desgraciadamente, preciso tempo e concentración para traballar noutro frente (estou elaborando a subvención á creación e teño moitísimo que facer antes do luns 3). As dúas participaremos na mesa. Pensamos tamén que ese pode ser un lugar para concretar, completar ou responder.

Unha vez máis agradecervos o convite, como sempre estimulante, tecedor de comunidade, xeneroso. Fico con ganas de xuntármolos e poñer corpo ao tema. Apertiñas. A.

“cantas son novas creadoras vellas? vellas creadoras novas?”

Cantas somos?

Cales foron os sitios máis estraños nos que bailaches? Ti bailas? Hoxe fuches bailar? Ti que fas? Fas mimo? Cales foron os sitios máis estraños nos que fixeches iso que ti fas? Como chegaches a eles? Que fixeches o día despois?

A quen lle deberíamos preguntar isto?
Vamos facer unha lista!

Cantas máis son invisibles?

Que mala sorte, para unha vez que alguén as nomea nun espazo público, nun texto que vai circular arredor dunha mesa de traballo sectorial na feira das industrias locais, e é precisamente nunha lista de invisibles.

Cantas somos invisibles aquí?

Cantas e cantos e cantes.

Orfeo canta.

Molestariache estar nesta lista?

E se non estás nin sequera nesta lista?

Cantas non saben o importe total de facturación da súa empresa dos últimos tres anos? Cantas non teñen os certificados de cada unha das cinco actuacións que ten que ter un espectáculo para computar no cálculo das subvencións á creación? Cantas non saben se son artes do movemento, teatro contemporáneo, ou arte de acción, novo circo, ou nova creación? Cantas naceron antes do 1984? Cantas son novas creadoras vellas? Vellas creadoras novas? Cantas están en forma? Cantas saben todo o anterior e están en forma, e manteñen as prácticas de canto, dicción, repasan textos para manter a capacidade memorística, cantas fan o saúdo ao sol diariamente polo menos tres veces seguidas, cantas van ás igrexas para practicar textos lanzados a puntos concretos do corpo das santas? Cantos teñen as esquinas da cociña limpas?

[Mesturo a primeira coa terceira persoa do singular e do plural. É un descoido formal bastante inocente. Cómpre aclarar que sempre me sinto incluída nas invisibles]

Cantas saben nomear de xeito contundente o que son, o que fan, o estilo de vida que levan? Cantas saben, antes de comezar o proceso que opta á subvención, en qué vai consistir o resultado da investigación? Cantas poden nomear a intención que as move, os detonantes, os campos de investigación, os efectos fisiolóxicos do proceso creativo impredecible, os efectos comunitarios, os efectos bolboreta. Cantas senten que aquilo que fan é rendible? Cantas dirían que son non contaminantes, sustentables? Cantas das invisibles teñen un traballo respectuoso co seu corpo, co corpo do resto dos seres vivos, co planeta e co universo? Cantas das invisibles poden ter unha vida digna no plano material producindo e distribuindo pezas innomeables, invisibles, incómodas? Cantas cumpren os canons do agradable incluso dende o dossier que as alimentará? Cantas menten?

Cantas facemos pezas coma quen fai camisas?

[frase real escoitada nun proceso de negociación salarial no que eu pelexaba por alcanzar polo menos o convenio do teatro]

“o peor deste tempo é resultar incómoda; poden incluso matarte a desgustos”

Cantas chegarán a ser Imperio? Cantas incluírán na súa cadea de produción elos de perversa exravitude infantil? Cantas cooptan discursos e proxectos? Cantas somos? Cantas bailamos? Cantas decidimos que este será o traballo que nos dará de comer -agora e cando teñamos máis de 70 anos- e somos impredecibles, inquietantes, innomeables, irreverentes, imprescindibles? Cantas queremos ser excelentes? Cantas estamos vivas?

Cantas facemos artes vivas?

Cantas nos atrevemos a facer artes vivas desas que non podes nomear antes de que acontezan porque están vivas, e precisamente se Orfeo canta será dunha finura, escuridade, independencia e beleza tal que seguramente non encaixe nos marcos do que é preciso. Do que é preciso para que o benestar, a felicidade e a produtividade desta maioría adormecida branca heteronormativa que non pasa frío nin fame non se altere. O peor deste tempo é resultar incómoda. Poden incluso matarte a desgustos, ou espiarte como fai o oso -que é un veciño disfrazado con tea de saco e unha máscara negra de coiro, seguido dun séquito doutros dez enmascarados- no entroido de Maceda, cos corpos que se resisten a ser manchados ca cinza mollada. Ou peor aínda: A nada. A invisibilidade. A censura capitalista por esquecemento ou descoido, ou cegueira. De verdade non nos ven.

Ay perdona, estabas ahí, pero qué es lo que haces? Haces mimo? Ah...Tú eras la que hiciste aquello? Ay... no parece... Eras tan grande en escena... muy bonito, buena factura, potente, me hizo llorar... pero es que al público de Vimftdvko esto no... Solo teatro... Teatro de entretenimiento y para público familiar... es que esto...

Anxela, se se fai de noite... temos tres abetos de Nadal secos, podemos prendelos e con iso iluminámoste mentres bailas.

Hoxe fuches bailar? / Hoxe non, hoxe fixen facturas / O que? / Papeis que hai que facer para poder bailar. Coma o que facía cando traballaba nos teléfonos [intento explicarllo de tres formas diferentes máis] / Eu diso non che entendo /... / Dáche para vivir? / Eh... / Vives / Si / Ves mundo, bailas, páganche. Escolliches o mellor traballo que pode haber. Sigue así.Véxote ben.

*Agradecemento a Rosa Moledo, pola corrección do texto.

Texto 4. Cara a unha escena plural. Ánxela Blanco.

Publicado en xuño de 2019 na órbita do espazo de análise e posta en acción “Cara a unha escena plural”, unha mesa de traballo arredor da circulación da danza e a creación contemporánea nos espazos escénicos galegos. O espazo, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, sucede no marco da Galicia Escena PRO, o encontro de profesionais do campo da artes escénicas que organiza Escena Galega e Agadic.